



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 5/2002

ID: 683

RESOLUCIÓN

ASISTENTES:

Presidente:

DON LUIS GONZÁLEZ VÁZQUEZ.

Vocais:

*DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO.
DON EMILIO SÁNCHEZ COTO
DON JOSÉ ANTONIO ILLÁN TORRÓN.
DON MANUEL VEIGA FRANCO.*

Secretario:

DON CARLOS FERNÁNDEZ VALDIVIELSO

Na cidade de Lugo, o día dez de decembro de dous mil tres, o xurado provincial de montes veciñais en man común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Visto no día da data o expediente número 5/2002 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "SANTA BÁRBARA OU DA VIDE" no concello de MONFORTE DE LEMOS, iniciado por acordo do xurado do 12 de decembro de 2002, sendo vocal instructor D. MANUEL VEIGA FRANCO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 14 de marzo de 2003), iniciouse o expediente número 5/2002 (por instancia de DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, no nome e beneficio dos vecinos da parroquia da Vide), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 14 de marzo de 2003, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 18 de marzo de 2003, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte "SANTA BÁRBARA OU DA VIDE" non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.



CUARTO: Coa data do 27 de marzo de 2002 (rexistro de saída número 37039, do día 28 do mesmo mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Monforte de Lemos** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 21 de abril de 2003, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de , na que se fai constar que o monte "**SANTA BÁRBARA OU DA VIDE** " tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese Rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente ó predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 23 de abril de 2003 , comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 23 de abril de 2003 (rexistro de saída número 50747, do día 28 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó **Rexistro da Propiedade de Monforte** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

OITAVO: Coa data do 23 de abril de 2003 (registros de saída números 50758 e 50762 , do día 28 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de **MONFORTE** a iniciación do expediente e remitíronse **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o devandito monte.

NOVENO: Coa data do 23 de abril de 2003 (rexistro de saída número 50754, do día 28 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ**, con domicilio na parroquia da Vide do concello de Monforte, a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Coa data do 23 de abril de 2003 (rexistro de saída número 50003, do día 25 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 30 de abril de 2003 (rexistro de saída número 52776 , do día 2 de maio do mesmo ano), comunicóuselle ó alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia da **VIDE**, no concello de **MONFORTE** , o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte "**SANTA BÁRBARA OU DA VIDE** ", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 8 de maio de 2003, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Monforte , na que se fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (anotación letra A, predio 31.933 , libro 311 do concello de Monforte de Lemos , folio 44, tomo do arquivo 752)



DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 21 de maio de 2003, recibíuse escrito de **DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ** (solicitante da clasificación), no que manifesta en resumo:

- Que o monte obxecto de clasificación xa figuraba como emolumento do común no catastro do Marqués de la Ensenada do ano 1750, coincidindo tanto a mensura aproximada como os lindeiros (xunta copia do mesmo)
- Que o devandito monte é veciñal en man común pola súa orixe e polo aproveitamento realizado ó longo dos séculos.
- Que o monte linda polo sur co monte "**GRANDE, PEDROSO E QUEIMADO**", pertencente á comunidade da parroquia de Distriz, que ten as mesmas características físicas, naturais e de aproveitamento e que foi clasificado como veciñal en man común por resolución coa data do 14 de decembro de 1999.
- Remata solicitando se teñan por feitas estas alegacións e se resolva clasificar como vecinal en man común o monte "**SANTA BÁRBARA OU DA VIDE**"

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 26 de maio de 2003, recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia da Vide, concello de Monforte de Lemos, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
DON JOSÉ A. EIRIZ LÓPEZ

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 3 de xuño de 2003, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 106, páxina 7.139, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte "**SANTA BÁRBARA OU DA VIDE**".

DÉCIMO SEXTO : Coa data do 25 de agosto de 2003 (registro de entrada número 142802), recibíuse certificación do concello de Monforte de Lemos, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante o prazo de 30 días (desde o día 2 de maio ata o 6 de xuño, ámbolos dous incluídos), e sen que se presentara ningunha reclamación.

DECIMO SETIMO: Coa data do 29 de outubro de 2003, concédese o trámite de audiencia, para que as partes persoadas no expediente poidan examina-lo mesmo e presenta-los documentos ou xustificacións que estimen pertinentes.

DECIMO OITAVO: Non se recibiu alegación algunha contra a clasificación do monte como veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lci de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Realizadas as oportunas comprobacións sobre o terreo, en consonancia coa investigación previa realizada polo Enxeñeiro de Montes encargado da mesma, e tendo en conta que os aproveitamentos que se veñen realizando no monte obxecto deste expediente son de tipo comunitario



considérase que o monte **SANTA BÁRBARA ou DA VIDE** reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o xurado provincial de montes veciñais en man común, **RESOLVE**:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **SANTA BARBARA ou DA VIDE**
Pertenza: veciños da parroquia de **A VIDE**
Concello: **MONFORTE DE LEMOS.**
Superficie: **110,4 hectáreas.**

Estremas:

Norte: Estrada local de Monforte a Moreda, terreos expropiados para a construción da nova estrada de Monforte a Chantada e predios particulares da parroquia de A Vide.

Leste: Predios particulares, canal de regadío do Val de Lemos e camiño.

Sur: Monte veciñal en man común dos veciños de Distriz e predios particulares.

Oeste: Predios particulares e termo municipal de Pantón.



[Handwritten signatures and marks]

1. - ANTECEDENTES.

Con fecha de 8 de marzo de 2002, ha tenido entrada en el Registro General del Edificio Administrativo de la Xunta de Galicia en Lugo, escrito firmado por D. José Antonio Rodríguez Domínguez y tres vecinos más de la parroquia de A Vide – Monforte de Lemos –, en el que solicitan que se inicie el expediente de clasificación del monte "SANTA BÁRBARA ó MONTE DE LA VID" como vecinal en mano común, según dispone la Ley 13/89, de 10 de octubre.

En la sesión del Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común celebrada el 2 de abril de 2002, se acordó por unanimidad que, antes de proceder a la iniciación del expediente de clasificación, se elaborase por parte del Servicio de Montes e I.F. la carpeta ficha ó expediente de investigación previa del monte.

En el mes de mayo de 2002 el Jefe de Área Técnica de Montes Vecinales en Mano Común, que suscribe el presente informe, en compañía de personal técnico del Distrito Forestal *Terra de Lemos*, y de una representación de los solicitantes, realiza una visita de campo a la superficie incluida en la solicitud.

De dicha visita, y de la cartografía a E = 1:10.000, que acompaña a la solicitud se desprende:

- que buena parte de la superficie incluida en la solicitud se encuentra ya clasificada para los vecinos de Distriz, según el acuerdo tomado por el Jurado Provincial con fecha de 14 de diciembre de 1999,
- que en el extremo noroeste del monte, dentro de la superficie incluida en la solicitud se encuentra una gravera y una nave abandonada, que los mismos solicitantes reconocen que no debería de figurar en el plano del monte,
- parte de la superficie solicitada fue expropiada para la construcción de la carretera Monforte – Chantada, y por tanto debe de ser excluida de la solicitud,
- existe además una zona de monte que no fue incluida en la solicitud, comprendida entre el Regato del Valle y el monte vecinal clasificado para los vecinos de Distriz, y que los solicitantes entienden que debe de figurar como parte de su monte vecinal.

Debido a estas discrepancias, en dicha visita, se propuso a los solicitantes a presentar un nuevo Plano en el que se clarificase esta situación. Con fecha de 20 de junio de 2002 tiene entrada en el Registro General del Edificio Administrativo de la Xunta de Galicia en Lugo, un nuevo escrito al que se adjunta nuevo Plano.

2. SITUACIÓN, ORIENTACIÓN, PENDIENTE Y ACCESOS.

El monte cuenta con una única parcela en la zona conocida como Monte de Santa Bárbara, con una superficie total de 110 ha. La altitud máxima del monte es de 360 m sobre el nivel del mar, y la mínima no llega a los 300 m. La orientación es a todos los vientos.

Las pendientes medias no son elevadas, del orden del 18%, son más pronunciadas en la parte sur y este del monte donde, en algunos puntos, superan el 35%, poniendo freno a la mecanización de trabajos agrícolas y forestales.

Al monte se puede acceder con facilidad desde la carretera local de Monforte a Moreda, y desde numerosos caminos que parten de las casas de A Vide. También se puede llegar por caminos del municipio de Pantón. En su interior se encuentra cruzado con bastantes caminos, en diferentes estados de conservación, como los caminos a Paderne, Toldaos o Distriz.

El Regato del Valle nace dentro del monte y discurren sus aguas hacia el Sur, entrando en el monte vecinal de Distriz.

3. SUPERFICIES.

La superficie total del monte "*Santa Bárbara ou Da Vide*" son **110'4 hectáreas**, incluidas en una única parcela.

4. LÍMITES Y PERÍMETROS.

Son los que a continuación se detallan:

- Norte: Carretera local de Monforte a Moreda, terrenos expropiados para la construcción de la nueva carretera de Monforte a Chantada y fincas particulares de la parroquia de A Vide.
- Este: Propiedades particulares, canal de regadío del Valle de Lemos y camino.
- Sur: Monte vecinal en mano común de los vecinos de Distriz y propiedades particulares.
- Oeste: Propiedades particulares y término municipal de Pantón.

Cabe destacar que existen discrepancias en el trazado de los límites municipales – entre Monforte de Lemos y Pantón –, según se tome el Plano a E=1:10.000 de la C.P.T.O.P.V. o el Plano a E=1:5.000, de la misma Consellería, observándose una diferencia importante en la superficie del monte según se refiera a uno u otro límite. Se ha optado por utilizar el Plano a E=1:5.000, por ser más moderno y tener mayor detalle. En todo caso el perímetro del monte pasaría por el punto conocido como Marco de Paderne, que sirve de límite entre ambos municipios.

5. ESTADO FORESTAL. APROVECHAMIENTOS.

El monte se encuentra prácticamente desprovisto de vegetación arbórea, salvo algunas frondosas procedentes de regeneración natural. Buena parte de su superficie esta cubierta por xestas – *Cytisus sp.* –, y otros matorrales heliófilos. No existen aprovechamientos forestales.

Algunos vecinos ocupan temporalmente pequeñas porciones de monte para aprovechamientos agrícolas, sobre todo cultivos de cereales, casi siempre centeno, preferentemente en las zonas más llanas y de más fácil acceso.

Los aprovechamientos tradicionales de estos montes, debieron de ser en principio, el pastoreo de toda clase de ganados, la roza del matorral, y sobre todo el cultivo de centeno. Solamente en circunstancias excepcionales y en las mejores zonas se recurrió a la roturación y siembra de otras especies propias de la agricultura de la zona.


Todos estos aprovechamientos fueron realizados en común por los vecinos.

Existen dentro del monte diversos manantiales de agua, que en algunos casos son canalizadas para aprovechamiento agrícola y doméstico.

6. ESTADO SOCIO-ECONÓMICO.

La parroquia de A Vide, se encuentra bajo la influencia socio-económica del núcleo de Monforte de Lemos, capital de la comarca y el núcleo más importante del Sur de la provincia de Lugo. El 63% de la población la ocupa el sector terciario, sector mayoritario en la base económica local. Por el contrario, y a pesar de la existencia de un tejido empresarial e industrial (manufactura del calzado, entre las más tradicionales), este sector muestra una tendencia decreciente en los últimos tiempos, de tal modo que hoy ocupa sólo a algo menos del 12% de la población, valor similar al que corresponde a la construcción.

7. CONCLUSIONES.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Servicio de Montes e I.F.

Plano Nº 1 Monte de Santa Bárbara ou Da Vide



Monte de SANTA BÁRBARA ou DA VIDE
Superficie = 110 ha



aa



XUNTA DE GALICIA

Ronda da Muralla, 70
LUGO



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **15 de marzo de 2017**, figura o seguinte acordo:

Monte **GRANDE, PEDROSO E QUEIMADO** (expediente 8/98), pertencente aos veciños da parroquia de DISTRIZ, do concello de MONFORTE DE LEMOS, clasificado polo Xurado con data 14 de decembro de 1999 e monte **SANTA BÁRBARA OU DA VIDE** (expediente 5/2002), pertencente aos veciños da parroquia de A VIDE, no termo municipal de MONFORTE DE LEMOS, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 10 de decembro de 2003. Con data 15 de decembro de 2016, ten rexistro de entrada escrito de José Manuel Rodríguez Rodríguez, como presidente da comunidade de A VIDE, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 2 de decembro de 2016, perante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Monforte de Lemos; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 27 de decembro de 2016 emite un informe no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza (nº 44/16). O monte GRANDE, PEDROSO E QUEIMADO queda cunha superficie de 98,80 hectáreas e o monte SANTA BÁRBARA OU DA VIDE cunha superficie de 117,1 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o **deslindamento por avinza** practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

Lugo, 31 de marzo de 2017

V. e pr.
A xefa territorial
Presidenta do xurado


Mª Olga Iglesias Fontal

Asinado por: IGLESIAS FONTAL, MARIA OLGA
Cargo: Presidenta do Xurado Provincial de MMVC
Data e hora: 31/03/2017 08:19:41

Asinado por: BELVER QUIROGA, LUCIA
Cargo: Lugo - Serv. Técnico Xurídico
Data e hora: 30/03/2017 10:27:23

CVE: p6jvzmCe0
Verificación: <https://sedc.xunta.gal/ove>





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Piano de:
Deslindamento por avinza entre os montes de Grande, Pedroso e Queimado (exp 8/98) e o de Santa Bárbara ou da Vide (exp 5/2002)

Monte: Grande, Pedroso e Queimado		Monte: Santa Bárbara ou da Vide	
Pertenza Parroquia de Distriz	Pertenza Parroquia da Vide		
Superficie previa 105,58 Ha	Superficie previa 110,49 Ha		
Superficie revisada 98,80 Ha	Superficie revisada 117,1 Ha		
Municipio: Monforte de Lemos			

Escala: 1:10.000

Plano 5: Monte posterior



O xefe de área
Lugo, 6 de outubro de 2016
Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Da_Vide_posterior
Grande_pedroso_Queimado_Posterior

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **15 de marzo de 2017**, figura o seguinte acordo:

<< Monte SANTA BÁRBARA OU DA VIDE (expediente 5/2002), pertencente aos veciños da parroquia da VIDE, do concello de MONFORTE DE LEMOS, clasificado polo Xurado con data 10 de decembro de 2003. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á **revisión de esbozos** de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data 5 de decembro de 2016, tivo entrada escrito presentado por José Antonio Eiriz López, como representante da comunidade, no que solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que adxunta. Con data 10 de xaneiro de 2017, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte SANTA BÁRBARA OU DA VIDE (nº 39/16), quedando o monte cunha superficie de **112,8 hectáreas**, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, ACORDA, aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito. >>

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

Lugo, 30 de marzo de 2017

V. e pr.
 A xefa territorial
 Presidenta do xurado

Mª Olga Iglesias Fontal



